



INFORME SOBRE PROGRAMAS DE REHABILITACIÓN DIRIXIDOS AOS CONCELLOS

I.- INTRODUCCIÓN

A Comunidade Autónoma de Galicia, desde que lle foron transferidas as competencias en materia de vivenda, mostrou sempre unha especial sensibilidade coa necesidade de incentivar a rehabilitación, especialmente no medio rural, mellorando a calidade de vida dos seus habitantes e potenciando a preservación dun importante patrimonio arquitectónico que estaba en perigo de desaparición.

En Galicia a poboación asentouse tradicionalmente nas aldeas, lugares e parroquias existentes ao longo do seu territorio e esta forma de asentamentos marcou claramente as tradicións, a economía, a arquitectura e, en xeral, a idiosincrasia galega.

Esta concienciación motivou que a Xunta de Galicia puxera en marcha diversos programas autonómicos orientados á rehabilitación do medio rural. Así, desde 1985, viñéronse sucedendo varios decretos reguladores de distintas axudas para concienciar da necesidade de preservar e dinamizar os numerosos núcleos rurais que se estenden ao longo da nosa xeografía, velando por superar as situacións de infravivenda, mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e garantir a súa adecuación ao medio ou á tipoloxía propia da zona.

A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no seu artigo 4, recoñece como función propia do organismo o fomento da mellora e da rehabilitación da vivenda rural.

Esta aposta clara pola rehabilitación non é allea á Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, por canto establece que a rehabilitación do patrimonio inmobiliario residencial será obxecto de atención prioritaria por parte das administracións públicas con competencia en materia de vivenda como forma de garantir o dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada e como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do medio ambiente, da paisaxe e do territorio.



A norma incide directamente na importancia da rehabilitación por canto ordena ao Instituto Galego da Vivenda e Solo desenvolver políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia atendendo a criterios de accesibilidade, sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes. Pola súa parte, o artigo 94 establece que as actuacións de rehabilitación de carácter illado teñen por obxecto a conservación e rehabilitación dos edificios e das vivendas construídos para mellorar as condicións de vida das persoas que os ocupan.

A rehabilitación de vivendas é unha necesidade permanente que cumpre varios obxectivos:

- Mantemento da poboación residente en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de melloras.
- Conservar nas mellores condicións o patrimonio residencial construído.
- Mellorar as condicións de vida dos seus moradores e adaptar as vivendas existentes á realidade actual.
- Reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos.
- Aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivendas rehabilitadas e reducir a demanda de enerxía.

A especial importancia que reviste a rehabilitación nas políticas de vivenda como solución eficiente, sostible e de futuro á hora de dar resposta ás necesidades de vivenda da poboación e de minorar os impactos no medio, evitando na medida do posible os novos desenvolvementos urbanísticos, cobra un novo impulso co anteproxecto de Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas impulsada pola Xunta de Galicia que está actualmente en fase parlamentaria.

O IGVS, actuando en consecuencia co anteriormente exposto, xestiona unha serie de programas de axudas de rehabilitación dirixidos non so ás persoas físicas e xurídicas promotoras das actuacións, senón tamén aos concellos por ser consciente do papel fundamental que debe xogar a administración local nesta materia.

II.- PROGRAMAS ESPECÍFICOS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS

1.- Consideracións xerais

Os programas do IGVS van dirixidos a tres categorías de concellos atendendo á súa poboación:

Concellos de menos de 10.000 habitantes

GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
257	72	61	87	37

Isto supón o 82,1 % dos concellos de Galicia. Por provincias a porcentaxe é o 77,4 % dos concellos da Coruña, 91,04 % de Lugo, 94,56 % en Ourense e o 60,65 % dos concellos de Pontevedra

Concellos de menos de 20.000 habitantes

GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
291	82	66	91	52

Isto supón o 92,97% dos concellos de Galicia. Por provincias a porcentaxe é o 88,17% dos Concellos da Coruña, 98,50% de Lugo, 98,91% en Ourense e o 85,24% dos concellos de Pontevedra

Concellos de menos de 50.000 habitantes

GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
306	90	66	91	59

Isto supón o 97,76% dos concellos de Galicia. Por provincias a porcentaxe é o 96,77% dos Concellos da Coruña, 98,50 % de Lugo, 98,91% en Ourense e o 96,72 % dos concellos de Pontevedra

Polo tanto, quedan fóra deste programa exclusivamente as 7 grandes cidades de Galicia que contan todas elas con Áreas de rehabilitación que prevén axudas tanto aos particulares como aos concellos.

2.- Análise de cada programa de axudas

2.1.- PROGRAMA DE AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE INFRAVIVENDA RURAL

Consideracións previas

O 12 de febreiro de 2015, o Consello da Xunta aprobou o Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 que se configura como unha guía de orientación das accións futuras do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) na que se definen as directrices básicas da política de vivenda e solo na Comunidade Autónoma de Galicia, para o período 2015-2020, a través de catro eixos diferenciados. No eixo 3: Prevención da exclusión residencial, inclúese unha acción destinada á reparación da infravivenda rural.

Neste marco, no ano 2016, creouse unha nova liña de axudas dirixida a apoiar aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes, para que poidan atender con carácter urxente ás unidades de convivencia que sexan titulares dunha vivenda pero que estea nun mal estado de conservación e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras de mellora e así dotalas das mínimas condicións de habitabilidade. Os concellos poderán reparar edificacións do patrimonio municipal para dedicar a residencia dunha unidade de convivencia cuns ingresos ponderados inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM).

Destínanse a concellos de menos de 10.000 habitantes xa que se entende que son os que carecen de medios propios para dar unha solución total a esta situación.

No ano 2016 convocáronse separadamente as axudas a infravivenda no ámbito da Área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e no resto dos concellos, pero a partir de 2017 viuse a conveniencia de unir ás dúas liñas nunha única convocatoria de axudas en todos os concellos de menos de 10.000 habitantes con independencia de que estiveran na citada ARI ou non. Na convocatoria de 2018 incrementáronse as contías das axudas que eran de ata o 80% do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 12.000 euros por edificación e pasaron a ser de ata o 95% do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 15.000 euros por vivenda rehabilitada.



Ficha do programa

Destinatarios	Concellos de menos de 10.000 habitantes
Obxectivo	Facilitar a rehabilitación de infravivendas existentes no medio rural
Requisitos	As vivendas poden ser de propiedade dos concellos ou de propiedade privada, pero a axuda sempre a solicita o concello. Os ocupantes das vivendas terán ingresos que non superen 1 vez o Iprem. Destinar a vivenda rehabilitada a solucionar os problemas de infravivenda durante un prazo non inferior a cinco anos As actuacións non poden estar iniciadas no momento da presentación da solicitude. O prazo de execución das obras virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que en ningún caso poida exceder de 6 meses.
Actuacións subvencionables	A execución de obras de rehabilitación en edificacións e vivendas, co obxecto de que estas acaden unhas mínimas condicións de habitabilidade. Estas actuacións poden afectar a elementos exteriores, ás condicións estruturais e de seguranza, á habitabilidade e accesibilidade da edificación ou vivenda. Todas as actuacións a realizar deberán axustarse a normativa técnica e urbanística en vigor e deberán cumprir a normativa vixente en materia de habitabilidade e funcionalidade.
Axudas	95% do orzamento protexido das obras. Máximo 15.000 euros por infravivenda
Compatibilidade	Estas axudas son compatibles coas outras que se puideran recibir para as mesmas actuacións, sempre que o importe de todas elas non supere o seu custo, de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
Convocatoria 2019	Importe: 200.000 € Publicación DOG: 5/02/2019 Remate do prazo de solicitudes: 31/05/2019



**Axudas concedidas por convocatoria**

Convocatoria 2016: importe convocatoria no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago: 500.000 euros. Importe convocatoria no resto de concellos: 200.000 euros

Concesións das dúas convocatorias:

CONCELLO	IMPORTE
Boimorto	7.099,38 €
Pobra do Caramiñal	7.932,94 €
A Lama	9.308,69 €
A Lama	7.496,82 €
A Lama	8.680,54 €
Monterroso	9.503,20 €
TOTAL	50.021,57 €

Convocatoria 2017: Importe convocatoria: 500.000 euros

CONCELLO	IMPORTE
Aranga	8.797 €
Aranga	14.269 €
A Bola	8.531 €
Cenlle	12.807,53 €
Silleda	4.665,65 €
Silleda	4.014,42 €
A Lama	13.569,57 €
A Lama	12.991,76 €
Moraña	2.654,68 €
Fornelos de Montes	7.784,99 €
Vila de Cruces	6.374,50 €
TOTAL	96.460,10 €





Convocatoria 2018: Importe convocatoria: 300.000 euros




CONCELLO	IMPORTE
Silleda	14.126,15 €
O Rosal	12.954,55 €
Cerdedo	14.074,73 €
Cerdedo	10.838,64 €
A Lama	12.952,75 €
A Lama	15.000,00 €
A Lama	12.949,45 €
A Lama	12.951,80 €
A Lama	11.948,66 €
A Lama	13.308,75 €
Pontecaldelas	14.233,89 €
Fornelos de Montes	12.393,69 €
Fornelos de Montes	12.375,11 €
Campolameiro	14.459,91 €
Vila de Cruces	12.632,63 €
A Mezquita	14.984,59 €
Carballeda de Avia	13.780,00
Toques	11.776,85 €
Dodro	11.998,17 €
Negreira	7.279,79 €
Porto do Son	11.656,50 €
Muras	15.000,00 €
TOTAL	283.676,61 €

Resumo: 39 axudas concedidas a 22 concellos por un importe de 430.158,28 €





Nos seguintes gráficos vese a tendencia á alza que ten este programa que, de xeito similar con outras liñas de axudas, vaise consolidando a medida que se van facendo novas convocatorias.



2.2.- PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DAS ANTIGAS VIVENDAS DE MESTRES, DOUTROS OFICIOS E DEMAIS EDIFICIOS E VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Consideracións previas

En moitos os concellos de Galicia dispónse dun patrimonio edificatorio afecto no seu día aos centros educativos para aloxar ás persoas que prestaban os seus servizos nestes centros, así como a outros oficios e que na actualidade están en desuso. Ademais, tamén dispoñen no seu patrimonio municipal doutras edificacións que poden ser obxecto dun uso residencial mediante as oportunas actuacións de rehabilitación.

Por outra banda, o proceso de despoboamento da zona rural fai necesaria unha política encamiñada a fixar poboación nestas zonas, sendo a vivenda unha necesidade básica para este cometido.

Con este programa trátase de rehabilitar para uso residencial os edificios destinados no seu día a vivenda dos mestres ou doutros oficios, así como aqueloutros de titularidade municipal susceptibles dun uso residencial, para que poidan destinarse, en réxime de alugamento, á vivenda habitual e permanente de unidades de convivencia con escasos recursos económicos (menos de 2,5 Iprem).

Poderán ser beneficiarios desta axuda os concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes que contén con demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello, por entender que son os que teñen inmobles desas características e non teñen recursos suficientes para acometer as actuacións de rehabilitación e que ademais teñen demanda de vivenda para garantir a súa ocupación unha vez rehabilitadas.

No ano 2017 creouse esta liña. As axudas poden acadar ata o 90% do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 40.000 euros por vivenda rehabilitada ou de 48.000 euros, no caso de vivendas situadas no ámbito histórico ou dos camiños de Santiago

Na convocatoria de 2019 introdúcese o requisito de que os concellos deberán estar adheridos ao Programa de Vivendas Baleiras ou en trámite de adhesión. As vivendas adxudicaranse conforme a este programa e deberán destinarse ao alugamento durante un prazo non inferior a 20 anos.



Ficha do programa

Destinatarios	Concellos de menos de 20.000 habitantes nos que existan demandantes de vivenda inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia (polo menos tantos como vivendas se pretende rehabilitar)
Obxectivo	Facilitar a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro por persoas e unidades de convivencia con ingresos reducidos
Requisitos	Destinar as vivendas, unha vez rehabilitadas, a alugamento para unidades de convivencia con escasos recursos económicos (menos de 2,5 Iprem) durante un prazo non inferior a 20 anos. O concello estará adherido ao Programa de Vivendas Baleiras ou en trámite de adhesión. As vivendas adxudicaranse conforme a este programa
Axudas	90% do orzamento Límite máximo: • 40.000 € con carácter xeral • 48.000 € en ámbitos históricos ou dos Camiños de Santiago.
Compatibilidade	Estas axudas son compatibles coas outras que se puideran recibir para as mesmas actuacións, sempre que o importe de todas elas non supere o seu custo, de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
Convocatoria 2019	Importe: 1.761.135,62 € Publicación DOG: 5/02/2019 Remate do prazo de solicitudes: 31/05/2019
Nota	Os concellos poden usar esta axuda en combinación cos préstamos do Fondo de Cooperación cos concellos para adquirir vivendas e rehabilitalas con destino ao alugueiro.



**Axudas concedidas por convocatoria**

Convocatoria 2017: convocatoria con carácter plurianual cos seguintes importes por anualidades:

Anualidade 2017: por importe de 350.000 euros.

Anualidade 2018: por importe de 500.000 euros. *Total convocatoria: 850.000 euros*

CONCELLO	IMPORTE	VIVENDAS
Santiso	34.591,66 €	1
Trabada	26.314,38 €	1
A Peroxa	35.422,19 €	1
A Peroxa	26.047,23 €	1
Cualedro	200.000,00 €	5
TOTAL	322.375,46 €	9

Convocatoria 2018: convocatoria con carácter plurianual cos seguintes importes por anualidades:

Anualidade 2018: por importe de 108.332 euros. Ampliado en 159.474,99. Total: 267.806,99




Anualidade 2019: por importe de 840.000 euros. *Total convocatoria: 1.107.806,99 euros.*

CONCELLO	IMPORTE	VIVENDAS
Rianxo	139.295,04 €	4
Ordes	33.017,35 €	1
Ponteceso	51.961,34 €	2
Tordoia	29.655,74 €	1
Sober	40.000,00 €	1
Sober	40.000,00 €	1
Sober	80.000,00 €	2
O Corgo	46.499,12 €	1
Mondoñedo	3.920,58 €	1
Mondoñedo	12.734,50 €	1
O Vicedo	35.991,55 €	1
Bande	36.000,00 €	1
Bande	36.000,00 €	1
Bande	36.000,00 €	1
Sandiás	33.588,00 €	1
Cenlle	66.107,39 €	2
Vilardevós	72.607,86 €	2
Vilardevós	71.487,08 €	2
Vilardevós	72.317,42 €	2
Mos	33.058,28 €	1
Dozón	57.734,44 €	2
Oia	74.485,90 €	2
TOTAL	1.102.461,59 €	33



Resumo: 27 axudas concedidas a 19 concellos por un importe de 1.424.837,05 € para 42 vivendas.

Nos seguintes gráficos vese a tendencia á alza que ten este programa que, de xeito similar con outras liñas de axudas, vaise consolidando a medida que se van facendo novas convocatorias.



2.3.- FONDO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS

Consideracións previas

O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, creouse por resolución da Presidencia do IGVS do 20 de setembro de 2016 coa finalidade de financiar actuacións nestes concellos.

O fondo dotouse inicialmente cun importe máximo de 10.000.000 € que proveñen do depósito obrigatorio das fianzas respectando a disposición máxima prevista legalmente. As cantidades non dispostas xéranse cada ano nos orzamentos do IGVS para poder atender a novas actuacións.

Con cargo ao fondo de cooperación fináncianse as seguintes actuacións:

- Actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.
- Actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.
- Adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

PROCEDIMENTO DE DISPOSICIÓN DE FONDOS

O IGVS publica anualmente resolucións de convocatoria nas que se fixan o procedemento, condicións e criterios para o acceso ao financiamento, total ou parcial, das actuacións con cargo ao fondo de cooperación e se abre un prazo de presentación de solicitudes.

O concello que desexe acollerse a este mecanismo presenta a correspondente solicitude que, de ser aprobada conforme ao procedemento previsto na convocatoria, se materializará na sinatura dun convenio de financiamento con cargo ao fondo de cooperación. No citado convenio constarán as actuacións a realizar, a contía a dispoñer, o prazo e condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo.

Ningún concello poderá realizar unha solicitude de disposición nin acumular a través de diferentes convenios de financiamento máis do 25 % do total do importe co que está dotado o fondo.

En todo caso, o concello deberá aceptar expresamente no convenio de financiamento a posibilidade de compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Compensación Local e se comprometerá a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas no convenio para a reposición dos fondos,

**Ficha do programa**

Destinatarios	Concellos
Obxectivo	Financiar actuacións de rehabilitación por parte dos concellos. Inclúe adquisición de inmobles para rehabilitar
Requisitos	Concellos de menos de 50.000 habitantes
Axudas	Préstamo do IGVS sen xuros, a devolver en oito anos.
Convocatoria 2019	Importe: 6.224.861 € Publicación DOG: prevista para marzo de 2019

Axudas concedidas por convocatoriaConvocatoria 2017:

CONCELLO	ACTUACIÓN	IMPORTE
PARADA DE SIL	Rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila (4 vivendas)	602.236,19 €
O BARCO DE VALDEORRAS	Rehabilitación do entorno do BIC da Torre do Castro	133.435,76 €
RUBIÁ	Rehabilitación de edificio na rúa Terra do Souto (6 vivendas)	130.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Vivendas tuteladas (2 vivendas)	485.579,00 €
BOIRO	Rehabilitación do Pazo de Goiáns para centro cultural e museo	1.050.394,36 €
TOTAL		2.401.645,31 €



Convocatoria 2018:

CONCELLO	ACTUACIÓN	IMPORTE
RUBIÁ	Rehabilitación de vivenda en vivendas sociais en Terra do Souto	48.000,00 €
PONTEAREAS	Adquisición de inmovible na parroquia de Pías para conversión en casa cultural	150.000,00 €
PONTEAREAS	Adquisición da 2ª e 3ª planta do edificio da Seguridade Social para a oferta de servizos de apoio ao emprego	156.364,65 €
PONTEAREAS	Mellora da eficiencia enerxética en escola infantil	104.342,01 €
RIBEIRA	Obras de acondicionamento da envolvente térmica e de reforma do interior do edificio da Unidade de Atención á Drogodependencia	518.781,81 €
PONTEAREAS	Mellora da eficiencia enerxética en biblioteca - museo	69.232,22 €
PONTEAREAS	Obras acondicionamento Conservatorio de Música Reveriano Soutullo	117.445,98 €
PONTEAREAS	Rehabilitación de catro vivendas para emerxencia social	209.278,07 €
TOTAL		1.373.444,74 €

Resumo: 13 convenios asinados con 7 concellos por importe de 3.775.090 €



Alzado exterior da actuación financiada en Parada do Sil



Pazo-torre de Goiáns- Boiro

2.4.- PROGRAMA DE AXUDAS COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, DIRIXIDAS Á MELLORA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS DE VIVENDAS DE TITULARIDADE DOS CONCELLOS GALEGOS.

Consideracións previas

Mediante a Orde do 23 de decembro de 2016 establecéronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos.

No ano 2017 convocáronse estas axudas por resolución do 30 de decembro de 2016.

A finalidade destas axudas foi a de fomentar a mellora enerxética dos edificios de vivendas existentes, co fin de acadar os obxectivos da normativa europea de eficiencia enerxética e favorecer a transición a unha economía baixa en carbono no sector residencial, a través do incentivo ás actuacións de rehabilitación e mellora enerxética.





Con estas axudas pretendeuse apoiar aos concellos titulares de edificios de vivendas para que poidan acometer as obras necesarias, co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de carbono nas vivendas de protección destinadas aos colectivos sociais máis desfavorecidos.

As axudas están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 80 %, computándose como cofinanciamento nacional o investimento público elixible achegado polas entidades beneficiarias polo 20 % restante. En particular, teñen encaixe no Obxectivo Temático 4-Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores, Prioridade de investimento 4.3-O apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e as vivendas, Obxectivo específico 4.3.1-Mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de CO₂ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos., actuación 4.3.1.5-Rehabilitación de edificios de vivendas de titularidade municipal, co obxecto de reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético.

Ficha do programa

Destinatarios	Concellos
Obxectivo	Financiar actuacións de mellora enerxética nos edificios de vivendas de titularidade municipal, co obxecto de subir, como mínimo, unha letra na escala de valores de cualificación enerxética en emisións de carbono e, ademais, reducir, polo menos, o 20% da demanda enerxética respecto a situación actual.
Requisitos	
Axudas	A contía da subvención consistirá nunha porcentaxe do 80% do orzamento subvencionable.

Axudas concedidas : Convocatoria con carácter plurianual cos seguintes importes por anualidades:

Concello	Importe	Vivendas	Observacións
Cualedro	160.849,94	5	Dado que houbo unha baixa de licitación e que tivo que minorarse a concesión por axuda concorrente do programa de mestres, o importe que recibe o concello por este programa é de 133.935,57 €
Portomarín	34.028,18 €	1	
Total	194.878,12 €	6	





III.- CONCLUSIÓNS

As actuacións postas en marcha cos programas descritos neste informe deseñáronse para dar resposta ás necesidades de rehabilitación dos distintos concellos, en función da súa poboación e capacidade orzamentaria para posibilitar que a rehabilitación sexa unha realidade no noso territorio.

En total se financiaron 81 actuacións en 47 concellos galegos por importe de máis de 4,7 millóns de euros

CONCELLOS	ACTUACIÓNS	VIVENDAS	EDIFICIOS DOTACIONAIS	IMPORTE CONCEDIDO
48	81	104	8	5.824.963.45 €


A estas actuacións hai que engadirllle as convocatorias previstas para 2019 ao abeiro destes programas por importe de 8.185.996,62 € o que, sumado ás anualidades anteriores, ascendería a **14.010.960 € o que suporía rehabilitar en torno ás 300 vivendas e 25 edificios para usos dotacionais.**

IV.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As axudas destes programas son compatibles entre si, de xeito que permitan financiar a totalidade da actuación. Deste xeito, combinando as diferentes axudas os concellos medios e pequenos poden acometer actuacións de rehabilitación do seu patrimonio practicamente sen necesidade de realizar aportacións de fondos propios ao mesmo tempo que lles permite dispoñer de vivendas para facilitar o acceso as persoas e familias con mais necesidades.

No cadro seguinte indícase como o programa de rehabilitación de vivendas de Mestres e o Fondo de cooperación se poden empregar conxuntamente para a promoción de vivendas para alugueiro por parte dos concellos, con achegas municipais moi pequenas.



ESQUEMA DE ACTUACIÓN DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA DOTARSE DE
VIVENDAS PARA ALUGUEIRO SOCIAL.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

galicia

